



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 20 DE MAIO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:35 horas do día 20 de maio de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 18-05-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

Dña. Susana García Álvarez
Dña. Catalina Alfayate Rodríguez.
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dña Cristina Gómez García. (asiste aos apartados 1 a).
D. Secundino Otero Failde (asiste ao apartado 5 a)).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Apertura de oferta económica.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia. (expediente 6749-224).

En acto público abriuse o sobre C que contén a oferta económica, o resultado foi o seguinte:

Mulleres progresistas de Vigo: propón un prezo hora de 15,25 euros, propón executar 60 horas sen custe entre as 23:00 a 07:00 horas e propón a execución de 510 horas adicionais sen custe para o concello.

As ofertas pasan a informe do xefe do servizo xestor.

2.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso. (expediente 3517-440).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 06:26	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A941-CD4E54-D3AFD1-56E113-M8ER3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Faise entrega dos informe emitidos polo xefe da unidade Ospio 18-05.2016 sobre a xustificación presentada polas empresas que contén valores anormais ou desproporcionados e o informe do xefe Administrativo e Control orzamentario de 18-05-2016 de valoración da proposta económica e clasificación das ofertas presentadas.

3- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso. (expediente 3517-440).

Acéptanse os informes emitidos polo xefe da unidade Ospio 18-05.2016 sobre a xustificación presentada polas empresas que contén valores anormais ou desproporcionados e o informe do xefe Administrativo e Control orzamentario de 18-05-2016 de valoración da proposta económica e clasificación das ofertas presentadas.

4.- Proposta de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso. (expediente 3517-440).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Considerar que as ofertas presentadas polas empresas que deseguido se relacionan e polas causas que se citan contéñen valores anormais ou desproporcionados e polo tanto proceder a súa exclusión da clasificación:

Empresas
CONSTRUCTORA EDISERPO S.L por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
CETA CONTRATAS SL por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
EXPLOTACIONES MEDIAMBIENTAI S L por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
O.T.C. FONTEFRIA S.L.U. Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.
PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, S.L. por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
DESMACO, S L por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 06:26	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A941-CD4E54-D3AFD1-56E113-M8ER3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S L Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.

CONSTRUCCIONES VALE, S L Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.

ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.

HORDESCON, S L Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso. (expediente 3517-440)" no seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	COPCISA, S A	80,00
2	CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	76,45
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	73,14
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS	73,03
5	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	71,96
6	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL	71,68
7	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	71,67
8	CIVIS GLOBAL	70,58
9	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	70,48
10	EXCANO SLU	70,04
11	CONSTRUCCIONES RAFER SL.	69,84
12	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U	69,29
13	INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL	69,18
14	GESTAL Y LOPEZ, S L	66,93
15	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA	44,38

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 658,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

5.- Proposta de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo. (expediente 11483-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“ Primeiro: tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 20 de abril de 2016 de “excluir da licitación a proposta presentada pola mercantil AP 10, S.L. xa que non declarou solvencia económica suficiente para executar o o contrato

“Segundo.- - Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306).” no seguinte orde decrecente:

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE XUÍZO DE VALOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA	PUNTUACIÓN TOTAL





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

1ª	EMSEBUR, S.L.	6	82,13	88,13
2ª	INTUR ESPORT, S.L.	0,75	77	77,75
3ª	CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	9	67,24	76,24

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 760,86 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar EMSEBUR, S.L., o día 6 de maio de 2016, que presenta a documentación requirida en data 13 de maio de 2016 salvo a póliza de responsabilidade civil que a presenta o día 18 de maio, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 20 de maio de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 06:26	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A941-CD4E54-D3AFD1-56E113-M8ER3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMSEBUR, S.L.,

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMSEBUR, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306), por un prezo de 796.639 euros, comprometendose a incrementar en 150 horas respecto do mínimo de 80 horas de libre disposición e un prezo hora de prestación do servizo de 12,40 euros IVE excluído de aplicación en caso de modificación do contrato.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:50 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 06:26	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A941-CD4E54-D3AFD1-56E113-M8ER3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		